

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día 11 de novembro de dous mil oito, acordou aprobar as seguintes consideracións para determinar a porcentaxe de custes indirectos a aplicar por actividades de I+D, ao abeiro do art. 83 da LOU:


En relación ao documento sobre "*Actualización do valor dos custos indirectos a aplicar nas actividades de I+D+I realizadas ao abeiro do artigo 83 da LOU*", aprobado polo Consello de Goberno da USC con data de 30 de maio de 2008, no que se establecen dous valores (15% e 20%) coma porcentaxes a aplicar ás actividades de I+D+I segundo a área de investigación na que se desenvolvan. Considerando que non todas as investigacións das áreas experimentais requiren a utilización de laboratorios e/ou instalacións específicas, cumpre facer as seguintes precisións:

1. Aplicarase o valor do 20% (dos custos directos) en concepto de custos indirectos a aquelas a actividades realizadas por investigadores pertencentes a departamentos ou institutos nos que se dean algunha das seguintes circunstancias:
 - a. Teñan a súa sede nunha Facultade, Centro ou Instituto no que se dispoñan de laboratorios experimentais dedicados á investigación. Isto inclúe aos grupos que desenvolvan a súa investigación nalgún dos seguintes Centros ou Institutos: Facultades de Bioloxía, Ciencias, Farmacia, Física, Medicina e Odontoloxía, Química, Veterinaria; Escola Politécnica Superior, Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Escola Universitaria de Enfermería e Escola Universitaria de Óptica e Optometría; Instituto de Acuicultura, Instituto de Cerámica, Instituto de Ciencias Neurolóxicas, Instituto de Farmacia Industrial, Instituto de Investigación e Análise Alimentarios, Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, Instituto de Medicina Legal, Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos, Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, así como en calquera das Estacións Biolóxicas ou no Observatorio Astronómico Ramón María Aller.
 - b. Pertenzan a Departamentos ou Áreas que fagan uso de ferramentas computacionais e de cálculo intensivo para desenvolver a súa investigación. Isto inclúe aos grupos de investigación pertencentes aos departamentos de Matemática Aplicada e de Estatística e Investigación Operativa.
 - c. Fagan uso de laboratorios, equipamento ou infraestruturas físicas de investigación específicos. Isto inclúe aos grupos de investigación pertencentes ao departamento de Psicología Clínica e Psicobiología.
2. Aplicarase o valor do 15% (dos custos directos) en concepto de custos indirectos ás actividades realizadas por investigadores que leven a cabo a súa investigación en departamentos, centros, ou institutos non incluídos na relación anterior.

Inclúese no seguinte Anexo a relación de Departamentos e de Institutos de Investigación coa correspondente porcentaxe de aplicación de custos indirectos.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a once de novembro de dous mil oito, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor



Senén Barro Ameneiro



